



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de novembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario-Intervención do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado doce de novembro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL.-


Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2013, e detectado erro material, onde dí:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licencia de parcelación non urbanística ou de división a Dona M^a del Carmen Domínguez Fernández, para finca sita na Estrada Antiga N-120 n^o 68, 70 e 72, en Valdepereira – San paio, co seguinte grado de detalle:

“Na actualidade hai tres parcelas: a parcela con referencia catastral n^o 2941607NG7824S0001EQ ten unha superficie total de 1.783,00 m², dos cales 186,00 m² están ocupados por unha vivenda e tres galpóns; a parcela con referencia catastral n^o 2941606NG7824S0001JQ ten unha superficie de 1.500,00 m², dos cales 205,00 m² están ocupados por unha vivenda e por un galpón; e a parcela con referencia catastral n^o 2941605NG7824S0001IQ ten unha superficie total de 217 m², e non conta con construcións.

Como resultado da agrupación das tres parcelas antes descritas quedaría unha parcela matriz de superficie total 3.500 m², que contaría con dúas vivendas e catro galpóns. Dita parcela matriz subdivídese en dúas parcelas, con fachada principal ao vial público, ditas parcelas resultantes son as seguintes:



| | <i>SUPERFICIE TOTAL</i> | <i>FONDO NETO</i> | <i>FRONTE DE FACHADA</i> |
|-----------------------------|----------------------------|-------------------|--------------------------|
| <i>PARCELA RESULTANTE A</i> | <i>1.889 m²</i> | <i>64,00 m</i> | <i>22,31 m</i> |
| <i>PARCELA RESULTANTE B</i> | <i>1.611 m²</i> | <i>58,12 m</i> | <i>20,77 m</i> |

A parcela resultante A, ten unha superficie total de solo de 1.889 m², e conta cunha vivenda de 338 m² de superficie construída, un galpón n^o 1 de 23 m² de superficie construída, un galpón n^o 2 de 20 m² de superficie construída, e un galpón n^o 3 de 16 m² de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.

A parcela resultante B, ten unha superficie total de solo de 1.611 m², e conta cunha vivenda de 378 m² de superficie construída e un galpón de 23 m² de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.”

Debe dicir:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :


1. Conceder licencia de parcelación non urbanística ou de división a Dona M^a del Carmen Domínguez Fernández, para finca sita na Estrada Antiga N-120 n^o 68, 70 e 72, en Valdepereira – San paio, co seguinte grado de detalle:

“Na actualidade hai tres parcelas: a parcela con referencia catastral n^o 2941607NG7824S0001EQ ten unha superficie total de 1.783,00 m², dos cales 186,00 m² están ocupados por unha vivenda e tres galpóns; a parcela con referencia catastral n^o 2941605NG7824S0001IQ ten unha superficie de 1.500,00 m², dos cales 205,00 m² están ocupados por unha vivenda e por un galpón; e a parcela con referencia catastral n^o 2941606NG7824S0001JQ ten unha superficie total de 217 m², e non conta con construcións.

Como resultado da agrupación das tres parcelas antes descritas quedaría unha parcela matriz de superficie total 3.500 m², que contaría con dúas vivendas e catro galpóns. Dita parcela matriz subdivídese en dúas parcelas, con fachada principal ao vial público, ditas parcelas resultantes son as seguintes:

| | <i>SUPERFICIE TOTAL</i> | <i>FONDO NETO</i> | <i>FRONTE DE FACHADA</i> |
|-----------------------------|----------------------------|-------------------|--------------------------|
| <i>PARCELA RESULTANTE A</i> | <i>1.889 m²</i> | <i>64,00 m</i> | <i>22,31 m</i> |
| <i>PARCELA RESULTANTE B</i> | <i>1.611 m²</i> | <i>58,12 m</i> | <i>20,77 m</i> |

A parcela resultante A, ten unha superficie total de solo de 1.889 m², e conta cunha vivenda de 338 m² de superficie construída, un galpón n^o 1 de 23 m² de superficie construída, un galpón n^o 2 de 20 m² de superficie construída, e un galpón n^o 3 de 16 m² de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.



A parcela resultante B, ten unha superficie total de solo de 1.611 m², e conta cunha vivenda de 378 m² de superficie construída e un galpón de 23 m² de superficie construída, quedando o resto da parcela como terreo cultivable.”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando Resolución denegatoria de expediente de aproveitamento hidroeléctrico de 42000 l/s de auga do río Avia, con destino a produción de enerxía eléctrica, solicitado por Proener Iberica, Energias Renovables S.A..
- Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, comunicando Sentencia relativa a recurso de suplicación núm. 0002950/2011, interposto por D. Francisco Javier Pérez Martínez.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio da Taxa de Alcantarillado 2012, por importe de 63.503,44 euros.”

DEVOLUCION DE TAXA DO CONSERVATORIO.-

Visto o escrito de **Dona Rocio Rodríguez Castro**, con domicilio na rúa Otero Pedrayo nº 8, 7º, no que solicita a anulación da matrícula formalizada no Conservatorio, Especialidade Saxofón, para o Curso 2013-14 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta que a interesada no está a asistir o centro, acorda acceder o solicitado procedendo a devolución o importe da taxa ingresada (1º prazo). Que se dé conta do presente acordo a Tesourería Municipal.

Visto o escrito de **Dona Rocio Arcos Pérez**, con domicilio na rúa Virxen do Portal nº 11, 1ºA, no que solicita a baixa no Conservatorio para o Curso 2013-14 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta que a interesada no está a asistir o centro, acorda acceder o solicitado e que a partir da data non se lle xiren máis recibos. Que se dé conta do presente acordo a Tesourería Municipal.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-



Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

